

TEMPO DE RESISTENCIA EN TRADUCCIÓN (2011-2012)

Ana Luna Alonso
Universidade de Vigo
aluna@uvigo.es

[Recibido: 02/06/14; aceptado: 06/06/14]

Cando a escavación se converte na única posibilidade de cultura, o que en realidade se fai é enterra-las posibilidades que quedaban.
(Figuroa 1988, p. 13)

Fun ver entón un editor, boa persoa, moi humano, recomendeillo, e xa ao día seguinte encargoulle a tradución dunha novela policial inglesa: o tipo de lixo co que nós trabamos de non emporcallar as mans. Non lemos cousas así. Como moito traducímolas, pero pondo luvas nas mans.
(Kosztolányi 2008, p. 11)

Segundo os datos da axencia do ISBN do Ministerio de Cultura a edición en Galicia pasou de 4.754 títulos en 2010 a 2.996 volumes en 2011. De xeito paralelo, as 1.855 obras editadas na nosa lingua en 2011 supuxeron un descenso fronte ás 2.544 do ano anterior. A panorámica da situación actual do sector editorial galego pon de manifesto a redución dos fondos destinados pola Xunta de Galicia ás políticas públicas de lectura e ás destinadas ao fomento da lingua galega, entre o 50% e o 65% de todas as súas partidas

dende o ano 2009. As axudas convocadas ao longo de dúas décadas destinadas a grandes proxectos editoriais (non saíron en 2012) e a tradución de obras para o galego e dende o galego reducíronse ao 50% do seu importe e sufriron un importante atraso no pagamento dos seus importes a un terceiro exercicio¹. A diminución do apoio público á tradución, a desaparición dos patrocinios de entidades privadas e a inexistencia dun plan de tradución (previsto na *Lei do libro e da lectura* de 2006) son fenómenos que preocupan. Así, tal e como comentamos na anterior edición da revista, o ámbito cultural segue a ser un dos máis afectados polos recortes orzamentarios da Administración nos últimos anos.

Con todo, os editores privados galegos manteñen o seu nivel de edición en lingua galega, mentres baixa o número de títulos editados en galego fóra de Galicia. En 2011 foron 2.497.000 exemplares, o que supón o 74,31 % dos publicados en Galicia, cunha tiraxe media de 1.573 exemplares por título. Os datos que ofrece Manuel Bragado (2012) no seu blog Brétemas², indican que a edición en galego de traducións supuxo o 27,10% (577 títulos), a maior porcentaxe das dúas últimas décadas. O número de traducións descende apenas un 5,09 %, mentres o de obras orixinais faino no 19,78 %. O castelán continúa sendo a lingua máis traducida, 68,50 % (395 títulos), seguida do inglés, 11,60 % (67), e do francés 6,20 % (36).

O noso reconto contén a produción literaria traducida (incluída a literatura infantil de menos de 40 páxinas), así como o ensaio. Nunha primeira achega detectamos que o sector editorial mantén a tendencia cara ao conservadurismo de anos anteriores. Reedítanse obras clásicas que tiveron éxito entre o público adolescente

1 As axudas á tradución de obras desde e para o galego que convoca a Consellaría de Cultura manteñen nos últimos anos unha curva descendente. En 2011 o apoio á tradución baixou unha terceira parte (200.000 euros entre 2011 e 2012). A convocatoria de 2012 distribuíase tamén en dúas anualidades, dos 168.000 euros. A cifra contrasta cos 300.000 investidos en 2010. No caso de traducións desde o galego, establécese un custo de entre 20 e 30 euros por páxina para as linguas peninsulares, e entre 25 e 50 para outros idiomas. Nas versións para o galego, as axudas cobren entre 50% e o 75% do custo da tradución, ata a un máximo de 6.000 euros. Na convocatoria prestábase especial atención a apoiar obras de interese cultural vencelladas a aniversarios e centenarios que se celebren no período analizado.

2 En: < <http://bretemas.com/category/xerais/>>. (Consulta 20/08/2014).

como: *A chamada da selva*, de Jack London; *A illa do tesouro*, de Robert L. Stevenson ou *Fahrenheit 451*, de Ray Bradbury. Así a todo, producíronse obras novas de valía e lanzamentos de importancia. Segundo Dolores Vilavedra (2012), houbo textos dignos de recibir unha acollida entusiasta, como a tradución de Murakami ou de Salma e viuse tamén o diálogo entre cine e literatura (*Pá Negre* traducido e con CD), que en opinión da autora, é un camiño de futuro. Tamén observamos un claro investimento das editoras especializadas por un tipo de ensaio reivindicativo, que se reproduce dende hai tempo no sistema editorial galego, ao cal tampouco é alleo o sector que publica en castelán. Do mesmo modo, hai que recoñecer que malia a crise, avanza o fenómeno da historia gráfica, grazas ao labor de Rinoceronte e El Patito Editorial.

A resistencia de varias editoras de recente creación permite manter o ritmo de produción anual. Ademais contamos co libro para cativas e cativos que tamén resiste de mellor modo a mingua de vendas. Entre a literatura xuvenil e a literatura para todo tipo de público adulto prodúcese unha clara escolla polos clásicos (Lovecraft, London, Dickens, Verne etc.), editados ben por empresas locais ben por foráneas. Neste sentido, cómpre destacar o tirón da literatura de medo e de terror traducida que incorpora ao noso patrimonio obras que van desde a que se considera a primeira novela gótica (*O castelo de Otranto*, de Horace Walpole) ata textos de Bram Stoker, Oscar Wilde ou Conan Doyle, e historias contemporáneas como as de Cornelia Funke (*O espírito do cabaleiro*). Non podemos esquecer que a literatura de creación de autores como Rafael Dieste ou Ánxel Fole empata co terror moderno inaugurado por Poe, Lovecraft, Maupassant ou Ambrose Pierce, autorías das que xa temos obra traducida en galego.

Novas editoras

As xa non tan novas editoras como Rinoceronte e Urco son as que manteñen a produción de narrativa traducida. Urco é unha editorial diferente no panorama galego, que arrisca e racha con tabús instalados na nosa literatura ata hai ben pouco. Traduce libros de autoría galega de fala castelá e best-séllers clásicos de serie B procedentes doutras comunidades lingüísticas como: *O clan dos Lupercos*, de William Morris (Trad. Manuel del Río Rodríguez),

inspirador de J.R.R. Tolkien; *O anxo da revolución*, de George Griffith (Trad. Helena Bermúdez Sabel); ou *O talón de ferro*, de Jack London (Trad. Tuula Marjatta Ahola Rissanen).

Rinoceronte, pola súa parte, lanza a obra que pasaría a ser considerada iniciadora do xénero de literatura da memoria ou do Holocausto. Trátase dos *Apuntamentos de Jakob Littner desde un burato no chan* (Trad. Eva Almazán) cos que a editora recupera a figura de Wolfgang Koeppen (1906-1996). Tamén se publica por vez primeira en galego ao escritor de orixe húngara afincado en Alemaña, Péter Farkas (*Oito minutos*), en tradución de Sergio de la Ossa e Veronika Gergely.

Edicións Morgante, un selo editorial galego xeneralista, que comparte instalacións e medios con Rinoceronte Editora, publica na colección «Mudanzas», autores galegos e foráneos como Javier Mosquera Saravia (*Espirais*, traducido por Moisés Rodríguez Barcia) e Ignacio Escolar (*31 noites*, traducido polo equipo Morgante). Morgante resiste mentres desaparece Barbantesa, unha editora que nos deixa co regusto de dar ao prelo antoloxías como a do escritor Mahmud Darwix (*Carné de identidade*), a voz ausente de Palestina presentada en 48 poemas traducidos por Moncho Iglesias Míguez.

Hugin e Munin resulta ser un dos proxectos de maior atractivo e produción nos últimos tempos. Son moitos os títulos editados e as propostas novidosas como as *Venecias*, do polémico Paul Morand, traducido polo propio responsable da editora, Alejandro Tobar. Entre as ofertas do catálogo mencionamos tamén: *Un home do pobo*, do nixeriano Chinua Achebe (Trad. Begoña R. Outeiro e Elias Portolu); *Oroonoko*, de Aphra Behn (Trad. María Fe González Fernández); e *Elias Portolu*, da premio Nobel sarda Grazia Deledda (Trad. Isabel Soto).

A nova empresa O Figurante Edicións, dirixida por Alberte Momán, publica fundamentalmente antoloxía poética. Citamos aquí os dez poemas de Anne-Maria Cazalis (*Planh*), en versión cuadrilingüe francés, castelán, inglés e galego-portugués, traducidos por Edelmiro Momán Noval e Vlasta Momán-Kováčová. O novo selo autodefínese como unha empresa que se sitúa a favor da diversidade e pretende ser un espazo de reflexión aberto á rebeldía na que se acollen títulos como unha *Antoloxía de poetas republicanos irlandeses* ou o poemario *Lusocuria*, de Verónica Martínez Delgado.

Punto G edicións agasállanos con *O clan do oso das cavernas*, de Jean M. Auel (Trad. Xurxo Bértola). A nova empresa cultural busca verter ao Gales «obras da literatura universal de gran impacto comercial ou cultural escritas orixinalmente en linguas alleas ás caomunidades lingüísticas lusas ou hispanas». E para rematar coas novas propostas, cómpre citar a xenerosa oferta do tradutor Henrique Harguindey no seu web titulado «Palabras desconxeladas»³. Alí imos atopar entre outras xoias o *Cándido*, de Voltaire; o *Gargantúa*, de Rabelais ou *O reiciño de Galicia*, de Víctor Hugo. Nese mesmo blog, Harguindey pon a disposición do público e de balde antoloxías de ditos e cantigas populares, así como a serie de artigos *O fío da lingua*, que publicara en Laiovento en 2005.

Premios e aniversarios

A Área de normalización lingüística da Universidade de Vigo deixou deserto o premio de tradución 2012, e concedeuille o primeiro accésit a Guillermo Rosales González, pola tradución dun texto de Mark Gatiss, e o segundo a Martina Corral Aller, pola tradución dun texto de Chimo. Na edición de 2013 os galardoados foron Belén Poutón Reboredo por *Hanwell o vello*; Antía Veres Gesto por *O conto de Nadal de Auggie*; Miguel Ángel Alonso García por *Un libro de soños* e María Rosales Fernandez por *Iuvenalia*.

Tamén quedaron desertas as últimas edicións do Premio Plácido Castro de Tradución que concede a ATG (Asociación de Tradutores Galegos) xunto co IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional). En 2011 recoñecera a Lourenzo Maroño e Elena Sherevera, pola *Antoloxía de poesía rusa: de Pushkin a Evtushenko*; así como a Camiño Noia pola tradución de *O gran Meaulnes*.

Na convocatoria dos Premios da Edición de Galicia 2011 resultou premiada a tradución de Darío Xohán Cabana de *Os trobadores de Occitania* (Edicións da Curuxa); o traballo de Ramón Gutiérrez Izquierdo polos *Sonetos de Shakespeare* (Xerais) e a versión de Lucía Caeiro dos *Versos escollidos*, da premio Nobel de literatura de 1996, Wisława Szymborska (Positivas). Na edición de 2013 a

3 En: <http://palabrasdesconxeladas.com/Palabras_Desconxeladas/Benvidos.html>. (Consulta 20/09/2014).

tradución da poesía obtivo de novo o recoñecemento das e dos escritores, e desta volta recuncou Darío Xohán Cabana co *Cancioneiro, seguido das Rimas dispersas*, de Petrarca (Edicións da Curuxa).

Unha anotación salientable é que o xurado dos Premios da Crítica Galicia de 2012 na modalidade de investigación acordou outorgar por unanimidade o premio á edición de *Regreso a Compostela*, de Edith Wharton preparada por Patricia Fra López editada polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago. O libro publica unha reprodución fotográfica, con transcrición e tradución, dun caderno manuscrito de Edith Whorton, unha das mellores novelistas norteamericanas da primeira metade do século XX, que realizou unha perigrinación a Santiago entre os anos 1925 e 1930. A edición vai acompañada dun estudo introdutorio realizado pola profesora Patricia Fra da USC.

O Premio Lois Tobío ao libro traducido do ano 2011 foi para Ramón G. Izquierdo pola tradución dos sonetos de *Shakespeare*, editados por Edicións Xerais. Pola magnífica tradución e edición crítica e pola súa contribución ao enriquecemento do galego cunha obra universal e imprescindible. Na edición de 2012, correspóndelle esa honra a Isaac Xubín pola tradución do poemario *Alén da fronteira. Sete poetas vascos*, publicado no selo Faktoría K en edición bilingüe éuscaro-galego.

E no espazo virtual dedicado aos mellores libros traducidos do 2011 para o web «Fervenzas Literarias» foron: *O libro negro*, de Orhan Pamuk (Galaxia), traducido por Eva Almazán e *Contos por teléfono*, de Gianni Rodari, traducido por Carlos Acevedo (Kalandraka). Un ano despois, o premio foi de novo para Carlos Acevedo por *Mr. Gwyn*, de Alessandro Baricco (Galaxia) e para Teresa Moure por *Lilus Kikus*, de Elena Poniatowska (Trifolium). Os mellores de 2011 para «Redelibros» foron para a tradutora Tuula Ahola Risanen, por *Purga* (Rinoceronte Editora).

Clásicos e alfaias

Moitos dos textos premiados coinciden con algún dos clásicos traducidos. Para o noso relato, é preciso salientar a escolma realizada por Darío Xohán Cabana dos trobadores de Occitania, que comprende máis de 180 poemas duns oitenta trobadores que

van dende o duque Guillerme IX de Aquitania, auténtico fundador da poesía moderna europea, ata Guiraut Riquièr. A edición é bilingüe, traducida en verso rimado como é característico en Cabana (*Divina Comedia, Vita Nuova, Cancioneiro* de Francesco Petrarca ou *Antoloxía do Doce Estilo Novo*). Ademais, o texto acompáñase dunha tradución literal para servir de chave de acceso á lectura dos textos orixinais. Os textos poéticos están precedidos por un amplo limiar histórico e literario, e seguidos por un apéndice no que, á parte das notas filolóxicas e eruditas convenientes para profundar na análise, figuran biografías e comentarios críticos sobre os trobadores escolmados.

Outra das xoias literarias editadas no período do noso panorama son os *Sonetos de Shakespeare*. Catrocentos anos despois de ver a luz, a modernidade destes textos segue a resultar asombrosa. Ramón Gutiérrez Izquierdo, tradutor xunto con Gonzalo Navaza de *Guerreiros deuses e espíritos da mitoloxía de América Central e Sudamérica*, de Douglas Gifford (Xerais, 1984), presenta esta versión dos *Shakespeare's Sonnets* acompañada de comentarios e notas sobre cada un dos poemas, procurando manter métrica e rima. O volume aparece case de xeito simultáneo en galego (Xerais) e en castelán (Visor) e recolle moi boas críticas nas dúas linguas.

É obrigado citar aquí a tradución de dúas obras fundamentais do dramaturgo ruso Antón Chékhov (*A gaivota* e *O tío Vania*), escritas en 1896 e traducidas recentemente por Perfecto Andrade. Tamén cómpre facer mención neste apartado á tradución de Helena de Carlos de *Utopía*, de Tomás Moro, editada en versión bilingüe na colección de «Clásicos do pensamento universal» do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, que está a facer un esforzo por manter o ritmo de publicacións nun momento de crise económica complicada para estes servizos públicos. Anahí Sotelo trae a versión galega da sátira sobre o poder de Séneca titulada, *Apocolocyntosis. A conversion do emperador Claudio en cabazo* (Toxosoutos), en edición bilingüe latín-galego.

Moitos dos libros clásicos traducidos, dirixidos inicialmente a adolescentes, poderían estar na listaxe da compra do público adulto e viceversa. Nesa zona de transición destacamos algúns textos editados por Urco (*O amo do mundo*, de Jules Verne, traducido por Rodrigo Vizcaíno Bravo), Edizer SCP (*Robur o conquistador*,

de Jules Verne, traducido por Ana Iglesias Otero), Baía (*Miguel Strogoff*, de Verne, traducido por Ánxela Gracián), ou Vicens-Vives (*Grandes esperanzas y Noiteboa de pantasma*, de Charles Dickens, en tradución de M^a Isabel Soto López; *O xigante egoísta e outros contos*, de Oscar Wilde, en tradución de Alejandro Tobar Salazar; *O escaravello de ouro e Os crimes da rúa Morgue*, de Edgar Allan Poe, traducido por Eva M^a Almazán García).

Novidades

Entre as novidades cómpre citar a colección de «Narrativa» de Xerais, que aposta por unha longa novela, *Despois da medianoite*, de Salma, a escritora de orixe tamil, traducida por María Reimóndez Meilán, autora implicada en dar a coñecer a situación das mulleres máis alá do espazo xeográfico occidental. Positivas publica a primeira antoloxía en galego dos contos xitanos (*Os fillos do vento*), un conxunto de textos traducidos do romanó por Onofre Sabaté. Na compilación hai contos de Inglaterra, Eslovaquia, Estados Unidos, Francia, Serbia, Italia, Hungría, Portugal e Nova Zelandia. Un dos relatos máis enigmáticos da escolma («O barqueiro xitano») foi recollido no país de orixe do pobo xitano, a India, desde onde se espallaron no século I a.C.

Galaxia mantén o filón de vendas que xeneran Auster, Pamuk ou Murakami. Na colección literaria «Biblioteca Compostela de narrativa europea» edita a novela titulada *C*, de Tom McCarthy (Trad. Eva María Almazán García), finalista do Premio Man Booker en 2010, o máis prestixioso dos outorgados en Gran Bretaña a un libro de ficción. Na mesma colección entrega *Mr. Gwyn*, de Alessandro Baricco (Trad. Carlos Acevedo Díaz); *A desaparición de Esme Lennox* (Trad. Manuel Xestoso González); e *A cea*, de Herman Koch (Trad. de María Alonso Seisdedos e Anton Vialle), premios Novela Europea Casino de Santiago 2010 e 2011, respectivamente.

Rinoceronte segue a publicar autoría contemporánea e clásica procedente de novos espazos culturais dentro da oferta literaria en lingua galega. Nesta ocasión citamos: *O maletín do mestre*, de Hiromi Kawakami, traducido por Mona Imai; *O prezo da fama*, de Opowiadania Slawomir Mrozek, en tradución de Paula Cancelas; *Purga*, de Sofi Oksanen, traducido por Tuula Ahola; *A boca chea*

de terra, de Branimir Šćepanović, das mans de Jairo Dorado, novela galardoada en 1974 co premio literario «Outubro» de Belgrado; e a tamén premiada en 2011 co Man Booker Prize, *O sentido dun final*, de Julian Barnes, traducida por Xesús Fraga. Os premios foráneos semellan ter un atractivo particular para o catálogo da editora que aposta por *Marcas de nacemento*, de Nancy Huston (Trad. David Gippini), premio Femina 2006; ou *Sangué sabur*, de Atiq Rahim (Trad. Isabel García Fernández). Trátase esta última da primeira novela en francés do autor (despois de tres libros en persa), pola que recibiu o Goncourt, e cuxo tema fundamental é o sometemento da muller. Rinoceronte reedita en formato disco algunhas das obras que acadaron unha boa cifra de vendas como *Os xardíns de Mulai Abdalá*, do suízo André Kaminski (Trad. Ana María Abeleira) e *O asasino que hai en min*, de Jim Thompson (Trad. Eva Almazán García), novela negra levada ao cine.

A desaparecida Barbantesa deu ao prelo a segunda novela da premiada Antonella Moscati, *Unha case eternidade: morbus ipsa senectus* (Trad. María González Piñeiro). Moscati é filósofa, editora e tradutora de pensadores como Gilles Deleuze ou Jean-Luc Nancy. Ademais da colección dedicada a Lovecraft, na colección gótica e na de fantasía Urco presenta a de Robert E. Howard (*Conan*), traducida polo propio editor, Tomás González Ahola. Factoría K, aposta tamén por un texto de autoría clásica que no seu momento non entrou nas listaxes de éxito como as *Cartas desde a Terra*, de Mark Twain (Trad. Carlos Acevedo Díaz), e na mesma colección «Narrativa» fai pública unha das mellores novelas do século pasado, *1984*, de George Orwell (Trad. Fernando Moreiras).

Poesía

Citamos aquí textos procedentes de tempos e espazos ben diferentes que dan proba de que o xénero mantén certa vitalidade mesmo nos malos tempos. Así, na mencionada «Biblioteca Lovecraft», e da man de Tomás González Ahola, recibimos a nova entrega do autor, *Fungos de Yuggoth: poemas impíos*. Xoán Abeleira traduce a poesía de Rimbaud (*Iluminations=Iluminacións*) e dá a coñecer o poemario en Banfile, unha editora autoxestionada con éxito polo propio tradutor. Traducidos e presentados por Lucía Caeiro en

versión bilingüe (polaco-galego) saen en Positivas os *Versos escollidos* da Nobel Wisława Szymborska, coincidindo con *O prezo da fama*, os relatos escritos por Slawomir Mrozek en 1990, publicados por Rinoceronte para introducir a literatura polaca en Galicia. E Francisco X. Fernández Naval traduce e selecciona xunto con Gabriela León, *Infinito presente*, un poemario do chileno Ludwig Zeller, que edita por vez primeira dentro do Estado a prestixiosa Espiral Maior.

Tamén é preciso mencionar neste apartado a aparición dunha antoloxía de poesía vasca contemporánea, editada por Faktoría K e coordinada por Luís Rei Núñez, que leva por título, *Alén da fronteira* (Trad. Isaac Xubín). A escolla compila obra de sete autorías de idades e traxectorias diferentes cuxo fío condutor é o éuscaro como lingua común de expresión literaria. Poetas etíopes e galegas presentan outra antoloxía titulada, *As que rubimos montañas*. A obra recollida pola ONG Implicadas no Desenvolvemento é a segunda proposta coa que pretende conxugar visibilización, información e literatura⁴.

Ensaio

Varias editoras reforzan con novos títulos a liña de ensaios reivindicativos pola que apostaban hai anos selos como Laiovento ao reclamar unha defensa contundente da lingua galega. *Indignádevos!*, de Stéphane Hessel recolle a tradición do panfleto político e inicia a colección «Ágora» de Faktoría K que, segundo o seu responsable, Xosé Ballesteros, pretende incluír obra de pensadores actuais co obxectivo de axudar a entender o mundo de forma crítica. Faktoría K non é a única editorial que aposta por este ámbito de publicación reflexiva coa tradución de textos como o de Hessel. 2.0 Editora tamén participou ao levar ás librarías galegas o *Manifesto dos economistas aterrados*. Unha obra na que economistas galos como Philippe Askenazy, Thomas Coutrot, André Orléan ou Henri Sterdyniak denuncian as estratexias seguidas pola UE contra a crise.

Neste apartado é vista obrigada a do traballo da editorial Trifolium, que conta cun catálogo asentado e gaña presenza no pa-

4 *Vanakkam. Benvidas* (Xerais, 2007).

norama das pequenas editoras. Unha das coleccións máis interesantes nos últimos tempos é «Musa pedestris», que acolleu polo de agora propostas que contribúen ao debate sobre o noso tempo da man de autorías de prestixio como J.L. Aranguren, José L. Sampedro, Robert L. Stevenson, Jonahthan Swift, Felipe Alaiz, Noam Chomsky, Michel Foucault, Paul Lafargue ou Bertrand Russell. Especializada en ensaio e en textos creativos en prosa, Trifolium puxo en circulación numerosas traducións entre as que destacamos textos que tratan temáticas ben diversas, que van dende a reflexión literaria de Proust (*Sobre a lectura seguido de días de lectura*. Trad. Carlos Lema) ou de Antonio Gamoneda (*Fonación, palabra e escritura, pensamento poético*. Trad. Begoña Combo Castro); ata os relatos de viaxes como *Cando partín unha mañá de verán*, de Laurie Lee (Trad. María Fe González Fernández) ou as *Impresións dunha viaxe por Galicia en 1935*, de Federica Montseny, en tradución de Enrique Sánchez e introducida polo historiador Eliseo Fernández. Montseny (1905-1994) foi a primeira ministra dun goberno da Europa occidental (1936-37) e neste diario conta as impresións paisaxísticas, sociolóxicas e políticas que suscitou un percorrido realizado por diferentes cidades e localidades. Foron dúas semanas nas que traballou por difundir as ideas libertarias e levantou acta da existencia da Galicia libertaria de 1935 en *La Revista Blanca*, nos primeiros meses de 1936.

Tamén Axóuxere centrou o seu interese en obra reveladora de construcións teóricas orientais como a Advaita Vedanta (unha das seis dársanas ou filosofías hindúes) do *Eu son*, de Maharaj Nisargadatta (Trad. Iván Sende) ou a reflexión sobre modos de vida alternativos de *Camiñando*, de H. D. Thoreau (Trad. Elva Souto Agrelo).

Literatura Infantil e Xuvenil (LIX)

A literatura infantil e xuvenil galega segue a ter moita relación coas comunidades lingüísticas veciñas. Así, hai tradución da obra do asturiano Francisco Pimiango, do granadino Arturo Abad, do vasco Txabi Arnal e da toledana Margarita del Mazo; pero tamén do arxentino José Campanari ou da italiana Adela Turin. Moitos dos textos son relatos de menos de 40 páxinas publicados por Kalandraka e OQO, dirixidos a primeiras e primeiros lectores como

O peixe vermello, da ilustradora estadounidense de orixe coreana Taeun Yoo; ou *Marisela e o roxo*, do autor e realizador audiovisual cubano Geovanys García Vistorte, especialista en someter a xuízo os valores tradicionais.

Kalandraka publica neste período os *Contos por teléfono*, de Gianni Rodari (Trad. Carlos Acevedo Díaz), unha obra que xa por volta de vinte anos aparecera publicada (*Contos ó teléfono*, Juventud, 1986), en tradución dos infelizmente desaparecidos, Valentín e Xela Arias. Fiel á súa liña editorial, a empresa tira do prelo *Non hai escapatoria* (Trad. Carlos Acevedo), onde Tim Bowley, narrador británico afinado en Galicia, compila unha nova escolma dos seus mellores relatos; e *Bandada* (Trad. Manuela Rodríguez), un libro ilustrado a dúo por David Daniel Álvarez Fernández e María Julia Díaz Garrido, que xa non sorprende pola calidade artística ao que nos tan afeitos a casa editora.

Xerais continúa coa serie *Poderosa*, de Sérgio Klein e aposta por *Resurrección*, da estadounidense de éxito mundial, Lea Tobery, ao tempo que reedita algun dos clásicos da histórica colección «Xabril» como: *A illa do tesouro*, de James Stevenson e *A chamada da selva*, de Jack London (Trad. Gonzalo Navaza); *Danny, o campión do mundo*, de Roald Dahl (Trad. Emma Fernández Campo); e *A pantasma de Canterville e outros contos*, de Oscar Wilde (Trad. Gonzalo Navaza e Gustavo Luca de Tena).

Galaxia asegura o triunfo coa intriga que desenvolve *A modelo descalza*, de Jordi Sierra i Fabra (Trad. Ramón Nicolás), o autor que máis libros vende no conxunto do estado no ámbito da LIX. A mesma editora publica na colección «Costa Oeste», *Corto Maltés. Patio oculto chamado Arcano*, de Hugo Pratt (Trad. Ánxela Gracián e Álvaro Otero) e *Tardes con Margueritte*, de Marie-Sabine Roger (Trad. María González González), deixando unha clara pegada na cuberta da vinculación coa adaptación filmica do texto (Jean Becker, 2010). Trátase dunha estratexia bastante recorrente que semella querer situar o libro no ronsel do filme. Outro elemento a destacar é a súa inclusión nunha colección xuvenil (a editorial Le Rouerge sitúaa no catálogo para adultos), o que responde se cadra ao feito de se tratar dunha escritora de longa traxectoria na literatura xuvenil do seu país, que adoita abordar sen complexos moitos dos temas ausentes das creacións para a mocidade ata hai ben pouco.

Faktoria K edita unha novela de John Boyne (*Noah Barleywater escapa da casa*), que por primeira vez non discorre polo pasado histórico; e o libro póstumo de Pablo Prestifilippo (*Catálogo de obxectos rebuldeiros*), inzado do humor surrealista que caracteriza o autor. Entre as xoias destinadas aos máis pequenos, salientamos o poemario de Jacques Prévert, *Para facer o retrato dun paxaro*, unha composición escrita en 1943 que fai reflexionar sobre a arte pictórica traducida por Fernando Moreiras. A editora Trifolium ofrécenos outra alfaia cos cantos de *Lilus Kikus*, publicados orixinalmente en 1954. Este foi o primeiro libro de Elena Poniatowska, unha das autoras máis notables de México. A edición galega engádelle ao encanto do relato as excelentes ilustracións realizadas especialmente por Santy Gutiérrez e a coidada tradución de Teresa Moure.

Planeta continúa a saga de Geronimo Stilton con dúas novas entregas, namentres Oxford mantén unha liña editora en galego centrada na ficción e o libro de texto como ofertas didácticas dirixidas a un lectorado debutante. A nova política autonómica que introduce o inglés a idades temperás lévanos a interesarnos polos libros bilingües editados por Linteo para primeiros lectores como: *A miña avoa fala galego* e *Un anaco de pan*, traducidos por Millán Picouto; ou polos de Patasdepeixe como: *A toupiña e a primavera*, de Zdeněk Miler e *O trenciño rebuldeiro*, de Jan Čarek, traducidos por Jana Vavřinova.

Banda deseñada e novela gráfica

A novela gráfica dirixida a lectorado adulto ou a primeiros lectores de banda deseñada é o xénero editorial impreso que máis lectores e lectoras gaña no mundo e coidamos que fundamental para a edición galega. Así, nos Estados Unidos está a venda *Spider Island: Cloak and Dagger*, título da Marvel debuxado pola coruñesa Emma Ríos. En Francia comercialízase o último álbum da triloxía da *Mansión dos Murmurios*, debuxada e coloreada por dous autores galegos, Tirso Cons e Javi Montes (en galego en El Patito). José Domingo sacou na editorial Bang o seu último traballo: *Aventuras de un oficinista japonés*. Segundo os expertos, o panorama da banda deseñada está a dar pasos de xigante no noso país. E así o demostra a produción de varias editoras centradas na produción propia, pero tamén na obra importada como El Patito Editorial, Cerditos de Guinea

Cómics, BD Banda, Demo, Faktoría K ou selos xeneralistas que apostan en especial pola novela gráfica, caso de Rinoceronte.

Na oferta de Rinoceronte destacamos a edición de *Contrato con Deus*, de Will Eisner, publicada inicialmente en 2000. As catro historias que compoñen o volume (*Contrato con Deus*, *O cantante da rúa*, *O Súper* e *Cookalein*) teñen en común o esforzo por resistir diante da adversidade e a exclusión social. Unha das últimas entregas foi *Na procura de Ed o riseiro*, de Kim Deitch, unha das figuras máis recoñecidas do cómic underground, editor e cofundador do selo Cartoonists Co-op Press.

Cerditos de Guinea, especializada en traducións, presentou novos títulos de series procedentes do mercado francés: *Pelexa na praia*, dentro de «*Os cinco loitadores*», de Jerry Frissen e Bill; e *A chave do tempo*, de D-P Filippi e S. Camboni, a segunda entrega de «*Gárgolas*».

El Patito, pola súa parte, entrega obra clásica de Agatha Christie (*Morte no Nilo* e *Os catro grandes*, traducidos por M^a Isabel Soto) ou de Víctor Mora (*Novas aventuras de Dick Turpin*. Trad. M^a Isabel Soto); continúa coa serie de Jack Mircala (*Baixada a Esquela*. Trad. M^a Isabel Soto López) e saca á luz traballos de Francisco Bueno (*Causas nobres*, traducida por José García Sendón), Pablo Roca (*Engurras*, traducida por Isabel Soto) ou unha serie dedicada ás cidades europeas do ilustrador checo Miroslav Sasek, un referente dos libros de viaxes destinados aos pequenos lectores.

1. NARRATIVA

AMICIS, Edmondo de (2011) *Corazón*. Trad. Onofre Sabaté [italiano]. Santiago de Compostela: Positivas.

ANÓNIMO (2011) *A morte do rei Artur*. Trad. Olalla García Martínez [francés]. Noia: Toxosoutos.

GONZÁLEZ CASTRO, Marina (2011) *Cuando era otoño*. Trad. Marina González Castro [español]. Vigo: Cardeñoso.

HOWARD, Robert Ervin (2011) *A era Hyboriana; Deuses do norte; A torre do elefante; Ladróns na casa*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.

- _____ (2011) *A raíña da Costa Negra; A sombra deslizante; Nacerá unha bruxa; O díaño de ferro*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- _____ (2011) *A xente do círculo negro; Sombras en Zamboula; O estanque do negro; Mais alá do río negro*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- IRVING, Washington (2011) *A lenda de Sleepy Hollow e outros relatos*. Trad. Cristina Felpeto García [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- JIRÁSEK, Alois (2011) *Desde Bohemia ata a fin do mundo*. Trad. Katerina Vlasáková [checo]. Santiago de Compostela: S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.
- KOEPPEN, Erdloch Wolfgang (2011) *Apuntamentos de Jakob Littner desde un burato no chan*. Trad. Eva M^a Almazán García [alemán]. Cangas do Morazo: Rinoceronte.
- LE GUIN, Ursula K. (2011) *Os despoxados*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- LIENAS, Gemma (2011) *O diario violeta de Carlota*. Trad. María Fernanda González Briones [catalán]. Vigo: Galaxia.
- LONDON, Jack (2011) *O talón de ferro*. Trad. Tuula Marjatta Ahola Rissanen [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- LOVECRAF, Howard Phillips (2011) *O horror de Dunwich. O que murmuraba na escuridade*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- _____ (2011) *A chamada de Cthulhu e outros relatos de terror cósmico*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- _____ (2011) *A sombra sobre Innsmouth. O que asexo na escuridade*. Trad. Tomás González Ahola [inglés]. Santiago de Compostela: Urco.
- MCCARTHY, Tom (2011) *C*. Trad. Eva M^a Almazán García [inglés]. Vigo: Galaxia.
- MONTESQUIEU (2011) *Cartas persas*. Trad. Emma Lázare Rodríguez [francés]. Santiago de Compostela: Laiomento.
- MOSCATI, Antonella (2011) *Unha case eternidade: morbus ipsa senectus*. Trad. M^a Cristina González Piñeiro [italiano]. Cangas do Morrazo: Barbantesa.

- MOSQUERA SARAVIA, Javier (2011) *Espirais*. Trad. Moisés Rodríguez Barcia [español]. Cangas do Morrazo: Morgante.
- MROZEK, Opowiadania Slawomir (2011) *O prezo da fama*. Trad. Paula Cancelas [polaco]. Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora.
- MURAKAMI, Haruki (2011) *1Q84. Libro 3*. Trad. Mona Imai [xaponés]. Vigo: Galaxia.
- O'FARRELL, Maggie (2011) *A desaparición de Esme Lennox*. Trad. Manuel Xestoso González [inglés]. Vigo: Galaxia.
- OKSANEN, Sofi (2011) *Purga*. Trad. Tuula Marjatta Ahola Rissanen [finlandés]. Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora.
- ORWELL, George (2011) *1984*. Trad. Fernando Moreiras Corral [inglés]. Pontevedra: Fatoría K de Libros.
- PAMUK, Orhan (2011) *O libro negro*. Trad. Bartug Aykan e María Alonso Seisedos [turco]. Vigo: Galaxia.
- RAHIMI, Atiq (2011) *Sangué Sabur: pedra de paciencia*. Trad. M^a Isabel García Fernández [francés]. Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora.
- SAPIENZA, Goliarda (2011) *Eu, Jean Gabin*. Trad. María Dolores Torres París [italiano]. Vigo: Galaxia.
- SENECA (2011) *Apocolocyntosis. A conversion do emperador Claudio en cabazo*. Trad. Anahí Sotelo [latín]. Noia: Toxosoutos.
- TOBARUELA I MARTÍNEZ, Pere (2011) *Poñente*. Trad. Ana Isabel Boullón Agrelo [catalán]. Vigo: Xerais.
- TOUSSAINT, Jean-Philippe (2011) *A verdade sobre Marie*. Trad. María do Carme Torres París [francés]. Vigo: Galaxia.
- TWAIN, Mark (2011) *Cartas desde a Terra*. Trad. Carlos Acevedo Díaz [inglés]. Pontevedra: Fatoría K de Libros.
- VV. AA. (2011) *Os fillos do vento*. Trad. Onofre Sabaté [romanó]. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

- ACHEBE, Chinua (2012) *Un home de pobo*. Trad. Begoña Rodríguez Outeiro [inglés]. Santiago de Compostela: Hugin e Munin.
- AUEL, Jean M. (2012) *O clan do oso das cavernas*, Trad. Xurxo Bértola [inglés]. Teo: Punto G Edicións.
